

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA, E A FUNDACIÓN ROF CODINA, M.P. PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO CIENTÍFICO- TÉCNICO SINGULAR DA FUNDACIÓN ROF CODINA: "ESTUDO DO EFECTO DE NIVEIS NORMAIS DE MERCURIO NA DIETA E A SÚA RELACIÓN COA RESPOSTA INMUNE"

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, de 4 de xuño, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, Antonio Cantalapiedra González, xerente da Fundación Rof Codina, M. P. (en diante FRC) en calidade de representante da FRC, con sede en Rúa Estrada da Granxa, 51, 27002 – Lugo, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no outorgamento de poderes do padroado de 5 de marzo de 2026, elevado a público o 25 de marzo de 2026 no notario de Lugo D. Jose Manuel López Cedrón con núm. 883 do seu protocolo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.



SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros.

Neste sentido, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Para poder acadar estes obxectivos, resalta a importancia de que a administración galega identifique determinadas situacións puntuais que poidan comprometer o rendemento e incluso a viabilidade das empresas da cadea mar-industria galega e colabore cos actores precisos para paliar os efectos nocivos destas situacións.

TERCEIRO:

Que o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139, establécese que o apoio no marco desa prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da



PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

O programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da "mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras", apoiar accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, mellorando o coñecemento de, entre outros, os produtos procedentes da pesca extractiva. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a organización e participación en feiras, congresos, eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución no mercado, así como proxectos de comunicación e promoción, co obxecto de avaliar e planificar campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca e a acuicultura e a busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custos, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) N° 2021/1139, do 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, a porcentaxe do investimento elixible é do



100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciamento polo FEMPA é do 70 %.

CUARTO:

Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación ("Lei da ciencia"), no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos a dereito administrativo.

Así mesmo, o citado artigo 34.1 prevé que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: a) proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; b) creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación, e infraestruturas científicas; c) financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; d) formación do persoal científico e técnico; e) divulgación científica e tecnolóxica; e f) uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Particularmente, as letras a) e c) do artigo citado son aplicables ao presente convenio debido a que o obxecto do mesmo refírese a un proxecto de investigación científica, desenvolvemento e innovación, así como ao seu financiamento.



QUINTO:

Que a Fundación Rof Codina é unha organización de natureza fundacional de interese galego, adscrita á Universidade de Santiago de Compostela, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de intereses galego, que ten como fins, segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, a xestión do Hospital Veterinario Universitario, o apoio permanente á docencia clínica na Facultade de Veterinaria da USC e o apoio permanente á investigación no Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), centro que ten a consideración de Organismo Público de Investigación.

Que Luis Botana López, investigador vinculado á Fundación Rof Codina e responsable do grupo de investigación FARMATOX da USC, cunha ampla traxectoria no estudo da toxicidade de compostos químicos e a súa interacción co organismo humano, considera prioritario abordar o impacto do mercurio presente nos túnidos na dieta da poboación. A crecente evidencia científica indica que estes peixes constitúen unha das principais vías de exposición humana ao mercurio, especialmente en forma de metilmercurio, un composto altamente bioacumulable. Dado que o consumo de túnidos é habitual na poboación galega e española, e que o mercurio presenta efectos neurotóxicos, inmunolóxicos e cardiovasculares, resulta esencial analizar con rigor os niveis reais de exposición e os posibles riscos asociados en diferentes grupos de consumo.

Neste contexto, este grupo de investigación posúe capacidade técnica, medios persoais e experiencia contrastada para desenvolver estudos toxicolóxicos avanzados que permitan avaliar tanto a presenza de mercurio nos alimentos como os seus efectos sobre a saúde humana, por iso ten interese en promover o proxecto científico-técnico singular: "Estudo do efecto de niveis normais de mercurio na dieta e a súa relación coa resposta inmune". A realización deste proxecto contribuirá a mellorar o coñecemento científico sobre un problema emerxente de saúde pública, permitirá optimizar recomendacións dietéticas baseadas en evidencias e proporcionará información útil para entidades reguladoras e sanitarias.



SEXTO:

Que a Consellería do Mar, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, debe desenvolver unha política pesqueira que teña por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

Que a Consellería do Mar considera que contar con datos propios, xerados por un grupo investigador especializado, lle permitiría dispor de evidencia robusta para orientar normativas alimentarias, políticas públicas, anticiparse a riscos emerxentes e reforzar a confianza dos consumidores no sector pesqueiro galego. A Consellería posúe as competencias en materia de pesca, marisqueo e investigación mariña, e ten como obxectivo garantir a sustentabilidade dos recursos e a seguridade alimentaria dos produtos pesqueiros galegos. O mercurio é un contaminante ambiental ao que os túnidos son especialmente susceptibles pola súa posición na cadea trófica, e a súa presenza pode afectar tanto á percepción social da calidade dos produtos mariños como ao cumprimento de estándares nacionais e europeos.

Un estudo neste eido contribuirá directamente aos obxectivos estratéxicos da Consellería relacionados coa valorización dos produtos da pesca e coa mellora da competitividade do sector, ao proporcionar información científica actualizada sobre un aspecto clave da inocuidade alimentaria. A avaliación do impacto real do mercurio en túnidos consumidos pola poboación galega permitirá formular recomendacións precisas, apoiar medidas de xestión sostibles e fortalecer a posición de Galicia como referente na produción pesqueira responsable.



SÉTIMO:

Que, no marco do presente convenio, levarase a cabo unha acción de promoción do sector e mellora da comercialización a través do proxecto científico-técnico singular: "Estudo do efecto de niveis normais de mercurio na dieta e a súa relación coa resposta inmune".

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste Convenio é establecer o marco de colaboración destas entidades para a realización por parte da FRC dunha serie de traballos de investigación relacionados co proxecto científico-técnico singular "Estudo do efecto de niveis normais de mercurio na dieta e a súa relación coa resposta inmune" (en diante, o "Proxecto"), ao abeiro do artigo 34.1.c) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á FRC polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do mesmo, cifradas na cantidade de trescentos vinte e catro mil trescentos oitenta e sete euros con oitenta céntimos (324.387,80), IVE incluído, distribuídos en dúas anualidades: 162.193,90 € (cento sesenta e dous mil cento noventa e tres euros con noventa céntimos) no 2026 e 162.193,90 € (cento sesenta e dous mil cento noventa e tres euros con noventa



céntimos) no 2027, con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse, pola súa propia natureza, como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, a FRC contribuirá cun máximo de trescentos vinte e catro mil trescentos oitenta e sete euros con oitenta céntimos (324.387,80), IVE incluído, distribuídos en dúas anualidades: 162.193,90 € (cento sesenta e dous mil cento noventa e tres euros con noventa céntimos) no 2026 e 162.193,90 € (cento sesenta e dous mil cento noventa e tres euros con noventa céntimos) no 2027, IVE incluído, achega na que se poderán asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060, polo que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTX e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada unha das partes asinantes deberá asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento prevista na cláusula quinta emita outro ditame.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.



As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo I) fináncianse nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. "Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras", prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A FRC empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Farase un único pago por cada unha das anualidades do convenio, 2026 e 2027, contra a presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, aos que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

A FRC achegará unha declaración doutras axudas para a mesma finalidade do convenio e xunto coa documentación presentará a conta de resultados en relación á finalidade do convenio que abranca todos os gastos e ingresos nos que se incorra na organización do evento obxecto do convenio.

Para facer efectivo o pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

As cantidades pagadas pola Xunta á FRC faranse efectivas mediante transferencia bancaria á c/c ES82 3070 0001 2311 3731 9529 Caixa Rural Galega, Urbana 4. C/Alfonso X O Sabio, 5-7-9, 27002, Lugo, despois da previa conformidade da Consellería do Mar.



TERCEIRA. – OBRIGAS DAS PARTES

Obrigas da FRC.

1. A FRC achegará os medios técnicos e persoais necesarios para a realización dos traballos de investigación relacionados co proxecto de acordo coas especificacións científico-técnicas, económicas e de calendario detalladas no Plan de Traballo que, xunto co orzamento, forman o anexo técnico a este convenio, o cal forma parte integrante del. A FRC poderá modificar a composición do equipo investigador en prol do correcto desenvolvemento do Proxecto, logo de comunicación á Xunta de tal feito.
2. A FRC comprométese a destinar á realización do proxecto todos os fondos achegados pola Xunta.
3. No marco do presente convenio, a FRC obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.
4. Finalmente, e antes do **30 de novembro do 2026** e do **30 de abril do 2027**, presentará diante da Consellería do Mar:
 - Memoria de execución das actividades deste convenio, con indicación detallada das actuacións realizadas e dos resultados obtidos, na que deberá incluír unha relación das persoas/entidades que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas. A memoria incluírá a acreditación da publicidade realizada, de ser necesaria.
 - Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluírá:
 - A. Unha relación detallada de gastos e pagos realizados.
 - B. Documentación acreditativa dos gastos, consistente en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia



administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá anexar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais.

C. Ademais, deberá achegar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo, deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos achegados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas, no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

D. Na devandita xustificación permítese, en cada anualidade, un transvasamento de fondos entre os conceptos recolleitos na solicitude de ata un 20%.

5. As datas límite de pago para cada anualidade serán o **15 de decembro para o 2026** e o **15 de maio para o 2027**.

Obrigas da Xunta.-

A Xunta comprométese a achegar 324.387,80 € para o financiamento do proxecto.

Obrigas mutuas.-

As partes comprométense a:

1. Participar nas actividades colaborativas organizadas no marco do convenio.
2. Entregarse mutuamente, servíndose se fose preciso do mecanismo de seguimento establecido na cláusula quinta, calquera información que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente ao desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as



partes proporcionarán, sen demora, toda a información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.

3. Garantir a protección dos resultados da investigación e promover a difusión que, no seu caso, proceda, consonte o establecido na cláusula sétima do presente convenio.
4. Cumprir coas obrigacións específicas de información en relación co financiamento por parte da Unión Europea da actividade. Segundo o artigo 50 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns (no relativo ao FEMPA), os perceptores de fondos da Unión farán mención da fonte de financiamento e velarán por darlle visibilidade, en particular: a) Se o beneficiario dispón de web e redes sociais incluírán unha breve descrición da operación, con obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da UE. b) En documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación destinados ao público ou participantes, engadir unha declaración que destaque a axuda da UE. c) Placas ou valo publicitario en lugares ben visibles ao público nas que apareza: emblema da UE ao comezo da execución física da operación que implique investimento físico ou se instalen equipos adquiridos, sempre e cando a operación teña un custo total superior a 100.000 €. d) Para operacións non incluídas no apartado c), exhibir nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información sobre a operación destacando a axuda do FEMPA. Cando o beneficiario/a sexa unha persoa física, na medida do posible destacará a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.
5. Someterse ás actuacións de verificación, así como ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en relación cos fondos aplicados, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, no seu caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e



facilitar tanta información como sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

6. Facilitar toda a información que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos aplicados, e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería do Mar co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
7. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código de contabilidade apropiado que proporcione un rexistro de auditoría adecuado en relación con todos os gastos correspondentes aos investimentos realizados en virtude deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa ao seu financiamento.
8. Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo FEMPA, de conformidade co artigo 82 do Regulamento (UE) núm. 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns. Neste sentido, deberanse conservar os documentos xustificativos e demais documentación relativa ao financiamento durante un período de cinco anos, a partir do 31 de decembro do ano no que se realizou o último pago.
9. De acordo co Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, todas as entidades deberán aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas declaracións de ausencia de conflito de interese. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan constituír fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos da Unión Europea, como é o caso deste convenio, poderán poñelos no coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos



termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA0604-2017Canaldenuncias.pdf>. Sen prexuízo disto, tamén poderá utilizar a ligazón de denuncias sobre irregularidades ou condutas fraudulentas que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención ao Cidadán (SIACI): <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a FRC responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

As partes manterán unha comunicación constante sobre os traballos realizados dentro do Proxecto.

A FRC comprométese a comunicar, con carácter inmediato e por escrito, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (DXPAIT), de calquera circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento do Proxecto, incluída a insuficiencia das doazóns necesarias para o desenvolvemento dalgunha das fases ou actividades do proxecto, co fin de que, se as partes o estimasen da suficiente importancia, se poida proceder á modificación tanto do contido e contía do Proxecto e deste Convenio, como da forma e prazo de realización.

As partes comprométense a crear unha comisión mixta e paritaria de seguimento para facilitar o cumprimento dos compromisos adquiridos neste acordo. Esta comisión estará composta, como mínimo, por unha persoa de cada unha das partes nomeadas polos, respectivos/as, responsables das entidades.

Esta comisión reunirase, con carácter ordinario, como mínimo unha vez ao ano. Poderá celebrar sesións extraordinaria por instancia de calquera das partes.



A secretaria do padroado da FRC actuará como secretaria sen voz nin voto, e levantará a acta correspondente ás sesións, asumindo a función de custodia da documentación.

Correspóndelle á comisión de seguimento a resolución de cantas cuestións se susciten arredor da interpretación e aplicación deste convenio. Para un mellor desenvolvemento das súas reunións e para favorecer os fins do Convenio poderá invitar ás súas reunións, con voz, pero sen voto, a expertos externos, así como a representantes doutras entidades.

Esta comisión velará polo adecuado cumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e determinará, no caso de existir prexuízo económico derivado dos incumprimentos, a posible indemnización, que deberá ser proporcionada ao dito prexuízo. No caso de incumprimento reiterado de obrigas, a comisión poderá promover a resolución do convenio.

A comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na sección III, capítulo I do título primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEXTA.- VIXENCIA

Este Convenio, que terá carácter plurianual, entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha duración ata o 31 de maio de 2027.

De acordo co regulado no artigo 49.h.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, os asinantes poderán acordar prorrogar o convenio en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no anterior parágrafo.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio as previstas legalmente. En caso de resolución do convenio, os efectos da mesma, rexeranse polo establecido na lei.

OITAVA.- CARÁCTER DO CONVENIO.



Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar un acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. -CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E PUBLICACIÓN

Confidencialidade. - As partes manterán baixo estrita confidencialidade toda información, que non sexa pública, recibida da outra parte por calquera medio, oral, escrita, gráfica e/ou electrónica. Non poderán revelala por ningún medio nin utilizala para fins distintos aos estipulados neste Convenio sen contar cunha autorización expresa.

A información adquirida, como datos e informes obtidos durante a realización do estudo obxecto deste convenio, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial.

As partes, comprométense igualmente a que todo o persoal que participa no desenvolvemento do Proxecto coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta Cláusula.

Esta obriga de confidencialidade manterase durante todo o período en que se intercambiará a información e ata cinco (5) anos desde a data de finalización das actuacións que son obxecto deste convenio.



Limitación da Confidencialidade. - As obrigas de confidencialidade contraídas neste convenio cesarán só cando se poida demostrar clara e convincentemente, mediante evidencia escrita, que a devandita información:

- Fose coñecida por unha das partes ou por unha terceira parte con anterioridade á beira deste convenio
- Fose revelada por unha terceira parte con dereito para facelo ou que non ten ningún compromiso ou obriga de segredo ou confidencialidade.
- Fose de dominio público ou se fixese de dominio público, mediante actos non imputables a ningunha das partes.
- Fose dispoñible por unha das partes a partir de desenvolvementos propios executados polos seus empregados ou axentes sen que estes fosen coñecedores, ou tivesen acceso ou utilizasen a referida información.
- Fose requirida por imperativo legal. Neste caso, deberá notificar inmediatamente esta circunstancia á outra parte. A parte requirida só revelará aquela información que sexa requirida legalmente e achegaralle á outra parte garantías de que á información se lle dará un tratamento confidencial.

Publicación. - A FRC e o Investigador Responsable deberán informar á DXPAIT por escrito con polo menos dous (2) meses de antelación de calquera publicación, divulgación, teses doutoral ou conferencia que pretendan realizar en relación co Proxecto para consensuar previamente calquera acto ou iniciativa de publicidade e difusión do estudo. A DXPAIT terá sempre o dereito de revisar os documentos previamente á súa divulgación ou publicación, co fin de examinar e controlar a exactitude da información, o cumprimento das obrigas de confidencialidade e identificar posibles informacións e datos que sexan susceptibles de protección por calquera forma legalmente establecida incluíndo o segredo industrial.

Nas publicacións das actuacións do convenio deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.



Cando unha das partes desexa utilizar, en parte ou na súa totalidade, esta información para a súa publicación como artigo, conferencia ou outro formato, deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido este prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron, así como a súa pertenza ás institucións das cales dependan. En calquera dos casos de difusión, farase sempre especial referencia ao organismo que financia.

Non obstante, a utilización do nome de calquera das partes con fins publicitarios alleos co obxecto da colaboración regulada por este convenio requirirá a autorización previa e expresa por escrito dos órganos competentes dela.

DÉCIMO PRIMEIRA. - DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL

Propiedade industrial e intelectual - No caso de que, como consecuencia do desenvolvemento do Proxecto obxecto do presente Convenio, se xeren resultados susceptibles de protección xurídica mediante patente ou outros títulos de propiedade industrial ou intelectual, as Partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación. Esta titularidade será, en todo caso, compartida.

En calquera caso, ambas as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución do convenio en actividades propias da súa función investigadora.

Dereitos de terceiros - Con base na información da que dispón o Grupo de Investigación dirixido polo Investigador Principal, a FRC manifesta e garante que os resultados esperados do Proxecto non infrinxen os dereitos de terceiros, incluíndo os dereitos de propiedade intelectual, de propiedade industrial ou calquera outro.



DÉCIMO SEGUNDA. – GARANTÍAS E RESPONSABILIDADE CIVIL

Cumprimento normativa. – A FRC garante que o proxecto cumpre en todo momento con toda a normativa aplicable, e que non vulnera os dereitos de terceiros.

Responsabilidade civil. – A responsabilidade civil derivada dos danos e perdas que se puidesen reclamar a calquera das partes durante o desenvolvemento deste convenio será determinada polos xuíces ou tribunais competentes os cales quedan sometido este.

A FRC manifesta que na data de sinatura deste Convenio ten concertada e en vigor unha póliza de seguro de responsabilidade civil que responderá dos danos e perdas que se puidesen ocasionar como consecuencia das actividades desenvolvidas en virtude deste Convenio, comprometéndose de forma firme e irrevogable a manter en vigor a citada póliza de seguro durante o período de duración deste.

DÉCIMO TERCEIRA. – USO DE ANIMAIS

A FRC comprométese a desenvolver o Proxecto respectando a normativa vixente en experimentación animal conforme a Directiva do Consello do Parlamento Europeo 2010/63/EU sobre a protección dos animais usados con fins científicos, o Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, así como de acordo con calquera outra normativa e mellores prácticas que puidesen resultar de aplicación.

Para estes efectos, a FRC manifesta que todos os protocolos experimentais que se formulan no anexo técnico foron aprobados polo Comité de ética de experimentación animal e órgano habilitado da FRC, asumindo o compromiso de mantelos actualizados en todo momento conforme a normativa que puidese resultar de aplicación.

DÉCIMO CUARTA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA



Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Pola Fundación Rof Codina

A conselleira do Mar

O xerente

Marta Villaverde Acuña

Antonio Cantalapiedra González



ANEXO I

CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E O SEU ORZAMENTO GLOBAL, ANO 2026 (Gastos imputables dende a data de sinatura do convenio ata o 30 de novembro do 2026)

ACCIÓNS	ACHEGA FUNDACIÓN ROF CODINA	ACHEGA CONSELLERÍA DO MAR	TOTAL
ACCIÓN 1: Estabulación e coidado de animais de experimentación: Estabulación, coidado e alimentación de minipigs nas instalacións do CEBIOVET da Fundación Rof Codina durante a duración do proxecto.	16.740,00 €	16.740,00 €	33.480,00 €
ACCIÓN 2: Probas e laboratorio Rof Codina: Gastos en probas diagnósticas, probas de imaxe e analíticas de laboratorio realizadas internamente nas instalacións da Fundación Rof Codina	33.183,67 €	33.183,67 €	66.367,34 €
ACCIÓN 3: Gastos de Persoal: Gastos en salario e seguridade social de persoal da Fundación Rof Codina que participe no proxecto de investigación	5.731,96 €	5.731,96 €	11.463,92 €
ACCIÓN 4: Externalización de servizos de investigación: Adquisición de animais de experimentación a criadores externos. Realización da parte do proxecto que implica roedores e lepóridos no animalario da USC. Prestación de servizos de investigación pola USC e por laboratorios externos.	106.538,27 €	106.538,27 €	213.076,54 €
Total	162.193,90 €	162.193,90 €	324.387,80 €



CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E O SEU ORZAMENTO GLOBAL, ANO 2027 (gastos imputables dende o 1 de decembro do 2026 ata o 30 de abril do 2027)

ACCIÓNS	ACHEGA FUNDACIÓN ROF CODINA	ACHEGA CONSELLERÍA DO MAR	TOTAL
ACCIÓN 1: Estabulación e coidado de animais de experimentación: Estabulación, coidado e alimentación de minipigs nas instalacións do CEBIOVET da Fundación Rof Codina durante a duración do proxecto.	16.740,00 €	16.740,00 €	33.480,00 €
ACCIÓN 2: Probas e laboratorio Rof Codina: Gastos en probas diagnósticas, probas de imaxe e analíticas de laboratorio realizadas internamente nas instalacións da Fundación Rof Codina	33.183,68 €	33.183,68 €	66.367,36 €
ACCIÓN 3: Gastos de Persoal: Gastos en salario e seguridade social de persoal da Fundación Rof Codina que participe no proxecto de investigación	5.731,96 €	5.731,96 €	11.463,92 €
ACCIÓN 4: Externalización de servizos de investigación: Adquisición de animais de experimentación a criadores externos. Realización da parte do proxecto que implica roedores e lepóridos no animalario da USC. Prestación de servizos de investigación pola USC e por laboratorios externos.	106.538,26 €	106.538,26 €	213.076,52 €
Total	162.193,90 €	162.193,90 €	324.387,80 €

